



## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 29 DE XULLO DE 2022**

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00037817J.**

#### **Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

### **2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00027902B.**

#### **Prorrogar o contrato de “Servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela”.**

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de Servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela” subscrito coa empresa SERVIPLUS TOTAL, polo prazo de 2 anos a contar desde o 1 de agosto de 2022, ata o 31 de xullo de 2024.

Segundo.- Comprometer o gasto correspondente, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 080 23104 2279900 MOCIDADE O. TRABALLOS REALIZADOS POR O. EMPRESAS E PROFES., quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2022 (01/08/2022 ata 31/12/2022): 47.805,59 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 31/12/2023): 114.733,41 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 31/07/2024): 66.927,82 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

### **3. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00037683V. Solicitud de axudas directas ao transporte público terrestre urbano aprobadas mediante Real Decreto Lei 11/2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar que o Concello de Santiago, na súa calidade de titular do Servizo de Transporte Colectivo Urbano de Viaxeiros solicite, en base ás determinación da Orde Ministerial pola que se da cumprimento ó capítulo II, relativo a axudas ó transporte urbano e interurbano, do Real Decreto-Lei 11/2022, de 25 de xuño, a axuda para proporcionar apoio financeiro ó servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, pola decisión de implantar unha redución do 30% do prezo dos abonos e títulos multiviaxe seguintes:

- Bono ordinario que pasará de 0,60 €/viaxe a 0,42 €/viaxe.
- Bono escolar que de 0,40€/viaxe, pasará a costar 0,28 €/viaxe.
- Bono mensual que dun custo de 26€/mes, costará 18,20 €/mes.

Coa seguinte limitación, a persoa usuaria non poderá dispoñer de máis de 100 viaxes na tarxeta de abono.

Segundo.- Adquirir os compromisos a que se refire a devandita Orde Ministerial, de información (ós cidadáns usuarios do servizo e á Administración do Estado), comunicación, visibilidade e publicidade. Asemade, someterse ás medidas de comprobación e control financeiro que se acorden.

Terceiro.- Afectar, de conformidade co previsto no artigo 7 do Real Decreto Lei 11/2022, de 25 de xuño e na Orde Ministerial referida, os importes que se perciban, a financiar exclusivamente a prestación do servizo público de transporte urbano e, en todo caso, a compensar ós operadores de transporte pola merma de ingreso que poida supor a implantación da medida de redución do prezo dos abonos e títulos de transporte multivaxe e, no seu caso, os custos de implementación da mesma e os financeiros en que puideran ter incorrido, debidamente acreditados.